# CONCURSO NACIONAL DE "CONTOS DE NENOS PARA NENOS"

## CONVOCADO POLA AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO

Recuperados en 2008 os premios literarios que desde os anos sesenta convocou O FACHO e nos que participaron ou gañaron moitos dos escritores e escritoras que hoxe fan posíbel con a súa obra unha literatura galega de calidade e de grande importancia nas letras universais, realizase a convocatoria para 2025 do Concurso Literario de "Contos de Nenos para Nenos"

## BASES DO CONCURSO

### PRIMEIRA: PARTICIPANTES:

1. Poderán participar rapaces e raparigas que presenten as súas obras en Lingua galega en calquera das tres normas ortográficas (RAG, Eo-Naviego, Reintegrado, Lusófona).
   CATEGORÍA A: Nenos e nenas de 9 a 12 anos
   CATEGORÍA B: Rapaces e raparigas de 13 a 16 anos
2. Os traballos presentados deberán ser:
   • orixinais e inéditos en toda a súa extensión
   • non teren sido premiados en calquera outro concurso ou certame literario
   • os seus dereitos de publicación podan ser cedidos à Asociación Cultural O FACHO por período de cinco anos contados a partir do día do fallo do xurado.
3. A participación neste Concurso implica a aceptación das presentes bases.

### SEGUNDA: PREMIOS

1. En cada categoría existirán dous premios en metálico coa seguinte dotación económica:

| CATEGORÍA A. | CATEGORÍA B |
|---|---|
| 1º PREMIO. | 2º PREMIO |
| 500 €. | 300 € |
| 500 €. | 300 € |

### TERCEIRA: PRESENTACIÓN DOS CONTOS:

1. Poderá facerse individualmente ou por medio do centro onde curse os seus estudos, por:
   a) Correo electrónico: ofacho@ofacho.com
   b) Correo postal dirixido à: Asociación Cultural O FACHO, Apartado de Correos n.º 46, Oficina Principal
2. No caso en que sexan os centros escolares os que presenten os orixinais ao Concurso, deberán facer unha pre-selección dun máximo de dous traballos por categoría, calquera outro terá que ser presentado individualmente.
3. Cada autor só poderá presentar unha obra atendo-se aos seguintes limites de extensión:
   Categoría A: Un máximo de cinco folios
   Categoría B: Un máximo de dez folios
4. As obras haberen de se presentar por triplicado, manuscritas ou mediante editores de texto, encadernadas ou grampadas e levarán por detrás do último folio os seguintes dados:

   Nome e apelidos do autor/a.
   Enderezo e telefone.
   Correo electrónico.
   Centro onde cursa os estudos.
   Categoría na que participa.



### CUARTA: XURADO

1. Os premios serán escollidos por un xurado designado pola Asociación Cultural O Facho.
2. Para alén da orixinalidade literaria, o xurado valorará a riqueza lingüística e o coñecemento gramatical reflectido nas obras.
3. O xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios do concurso e será o que deberá resolver aquelas situacións que se presenten e que non estean contempladas nestas bases, así cono as dubidas na súa interpretación.
4. O fallo do Xurado publicarase no mes de Maio.

### QUINTA: PRAZO DE ADMISIÓN

1. prazo de admisión de orixinais finaliza o día 1 de Maio do 2025 ás doce da noite.

Segue-nos en Facebook:
Agrupación Cultural O Facho
Blogue:
http://agal-gz.org/blogues/index.php/ofacho/

O FACHO
AGRUPAÇOM CULTURAL
A CORUNHA-GALIZA